

PERDENDO ACTIVOS

Manuel Herminio Iglesias

Calquera empresa colectiva, que persiga logros sociais e políticos ambiciosos, necesita o apoio de moitas mans. Necesita o consello e a visión de persoas que amosaron a súa valía, que aman a cuestión pública, que son líderes por teren carisma, vocación e perspectiva de futuro. Este principio que, baixo o meu punto de vista, é o máis válido, moitas veces non se aplica na política por quedar relegado pola ambición humana, ás veces lexitima, pero negativa para a causa común que se persegue no proxecto.

Isto que afirmo ven acontecendo dende hai moito tempo na nosa terra. Persoas valiosas que tiñan visión de futuro, que souberon antepoñer as lexitimas aspiracións persoais ás necesidades da terra, foron relegadas e postergadas á marxinalidade por toparen cos que, con visión sumamente ideoloxizada e estreita, pretenden, aínda que sabedores que camiñan cara a marxinalidade, manter o seu anaquiño de poder dentro da empresa colectiva a costa do que sexa.

Seguindo este fío argumental, o nacionalismo galego relegando ao esquecemento a moitos líderes que moito traballaron nese proxecto, foi perdendo activos dende hai máis de trinta anos. Foi perdendo cantidade de militantes sumamente cualificados que, ao non veren unha luz no túnel dos tempos, abandonaron a nave para irse para a casa ou, pretendendo darlle saída á vocación pública, a formacións políticas que ideoloxicamente tiñan máis preto. Sería moi longa a lista e non procede neste comentario.

Esta semana Anxo Quintana anunciou o que xa adiantara hai unhas datas: apartase da política activa para non molestar. Busca novos horizontes fóra da vida partidaria pois, segundo dicía, non se conta con el e prefire apartase. Tristeira noticia. O nacionalismo galego arrima a un líder natural que ten unha visión do país que supera as barreiras mentais e ideolóxicas de moitos gobernantes actuais na terra de Breogán.

Modernizar o nacionalismo galego, para quitalo do marasmo e da endogamia actual e, desta maneira, darlle carta de apertura social, fuxindo da cerrazón ideolóxica que o encamiña paseniño cara o illamento político.

Moitos son os que pensan que o camiño actual non é o máis axeitado. Moitos somos os que entendemos que, cando o país reiteradamente emite a súa opinión nas urnas, e non medra o apoio electoral ás nosas ideas, algo se fai mal e algo haberá que modelar ou cambiar para poder ser entendidos pola grande maiorías dos cidadáns.

Un compañeiro, hai uns días, falábame de que, un certo aire de frustración, camiñaba preto de nós. E iso tiña que ver con dar por boa a nosa postura política sen aceptar a máis mínima crítica para corraxir se fora o caso. Insistía: estamos tan convencidos de que a nosa verdade é a única que fuximos da autocrítica e soamente nos recoñecemos entre nos. E así nace a cerrazón e a endogamia. Fuximos de abrialle as portas a colectivos, ideas e persoas que non pensan coma nós. Vivimos presos unicamente de vellas ideoloxías importadas do este, todas superadas a día de hoxe, e loamos a países que nada pintan no concerto mundial.

Perder activos pola discrepancia parece que foi e segue a ser o obxectivo do noso nacionalismo. Primeiro, falando dos máis recentes, foi Camilo, logo Beiras e agora Quintana. Todos arrimados no faiado da historia coma se fosen reliquias que xa non serven. Quin apartase para non molestar; posiblemente para reflexionar. E unha postura correcta que a moitos nos deixa un tanto desorientados, pois sabemos da súa capacidade para liderar un proxecto modernizador que supere as barreiras mentais do nacionalismo actual. Sabenos da súa capacidade para superar a muralla que di a canción. En fin, perder activos non é nada atractivo, pois as empresas colectivas, cando perden elementos valiosos, enfróntanse coa incerteza e iso non é nada positivo para o futuro.